

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIONS

EXPEDIENTE: <u>C85010:25</u>
SITUACIÓN: <u>CABALLEROS, Nº15, 2ºB - CORUÑA (A)</u>

Por resolución da xefatura territorial de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de A Coruña de data 13 de outubro de 2014 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente C85010:25, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que, no prazo citado no parágrafo anterior, para dita vivenda se presentaron tres solicitudes de inclusión no procedemento de selección de adquirentes, declarándose adxudicatario provisional a don/a ROBERTO LOPEZ CAINZOS (nº de credencial 13,461), xa que os outros dous solicitantes foran declarados anteriormente adxudicatarios doutras vivendas que se sortearon ese mesmo día ante notario, acto que se celebrou o pasado 25 de novembro de 2014. Como consecuencia delo, e unha vez comprobado o cumprimento por parte do interesado dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, facendo uso das súas competencias, o xefe territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en A Coruña

ACORDA:

Declarar adquirente a don/a ROBERTO LOPEZ CAINZOS (nº credencial 13,461)

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola ley 4/1999, de 13 de xaneiro.

A Coruña, 28 de novembro de 2014.

O/A xefe territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

José Antonio Álvarez Vidal

